

PAULA

[Christian Schwochow, 2016]

236

ESTREA EN NUMAX: 26.05.2017 | V.O.S.E.

Paula (2016, 123')

Dirección: Christian Schwochow

Guión: Stefan Kolditz, Stephan Suschke

Elenco: Carla Juri, Albrecht Schuch, Roxane Duran, Joel Basman, Stanley Weber, Michael Abendroth, Bella Bading, Laura Bartels, Guido Beilmann

Son: Jean-Paul Bernard

Montaxe: Jens Klüber

Dirección de arte: Silvia Fischer, Anna-Maria Otte

Vestiario: Frauke Firl

Fotografía: Frank Lamm

Produtoras: ARTE, Degeto Film, Grown Up Films, Pandora Filmproduktion, Radio Bremen, Westdeutscher Rundfunk (Alemaña), Alcatraz Film (Francia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idiomas orixinais: Alemán, francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Premios do Cinema Alemán 2017
(Mellor deseño de produción e vestiario)

FILMOGRAFÍA

La invisible, 2011

Al otro lado del muro (West), 2013

Calle Bornholmer, 2014

Un fortuna peligrosa [TV], 2016

SINOPSE

Alemaña, principios do século XX. A moza artista Paula Becker está decidida a seguir as súas propias normas. Aos seus 24 anos rexeita as convencións establecidas e explora o seu estilo único, mentres florece na comunidade artística de Worpswede, onde entabla amizade coa artista Clara Westhoff e o poeta Rainer Maria Rilke. Ao casar co tamén pintor Otto Modersohn, cre ter encontrado a súa alma xemelga creativa, pero cinco anos destinados á vida doméstica afunden o espírito de Paula, así que decide viaxar soa ao bohémio París

«Viaxe sensual e artística da pintora Paula Becker, que está moi ben interpretada por Carla Juri»

Sophie Rosemont, ROLLING STONE



“Paula ollaba dentro da alma das persoas, estaba fascinada pola súa imperfección”

Entrevista con Christian Schwochow

O guión de Paula non é obra túa. Que te levou a rodar este filme? A produtora Ingelore König e a asesora dramática Cooky Ziesche enviáronme o guión non verán de 2012. Nese intre estaba moi avanzado porque os guionistas Stefan Kolditz e Stephan Suschke tiñan estudado a Paula Modersohn-Becker cando vivían en Alemaña do Leste. Cando rematei de lelo souben que tiña que facer o filme. O guión pareceume unha auténtica maravillosa.

Despois desenvólchelo en colaboración cos seus autores... Así é. Kolditz e Suschke tomaran algunhas decisións moi acertadas sobre que momentos e capítulos da vida de Paula debían seren abordados e cales non. Así que nos baseamos nestas decisións. Mais buscabamos un estilo totalmente diferente e unha estética moi particular. Por riba de todo non queríamos que *Paula* fose o clásico biopic. Interesábanos moito máis responder a cuestións como: Que actualidade ten un filme sobre a vida de Paula Modersohn-Becker? Que desafíos presenta ser pintor? A que problemas se enfrontaba unha muller na Alemaña

de principios do século XX? O filme enche os baleiros que existen sobre o expresionismo alemán? Pero ademais de todo iso, *Paula* non debía ser un filme dirixido só a estudantes de belas artes e amantes dos museos.

O proxecto atraeche porque é outra historia única sobre mulleres? Xa tiñas explorado esta temática en *Niña de novembro* (2008), *La invisible* (2011) e *Al otro lado del muro* (West) (2013).

En primeiro lugar, os temas universais da historia fascínanme. Está claro que Paula tiña medo á mediocridade e a ser unha artista que non deixara pegada. O medo a volverse invisíbel polo que era, o medo a ter que aceptar un destino predeterminado por ser muller. Mais por riba de todo, a súa vida estivo marcada por unha invencíbel vontade por crer en si mesma e seguir o seu propio camiño. Iso convértea nunha heroína moderna e, a súa forza e a súa valentía, poden atraer a moitos tipos de públicos na actualidade. En certo sentido, Paula e os protagonistas doutros dos meus filmes compórtanse de maneira inapropiada, son rebeldes e fieis a si mesmos a pesar da sociedade que os rodea. Ao facelo, enfróntase a límites que tentan cruzar. Hai unha verdadeira afinidade espiritual entre estas mulleres. Diso estou seguro.

Xa coñecía a historia e a obra de Paula Modersohn-Becker antes de que che ofrecesen facer o filme?

A primeira vez que souben dela foi en 1990 en Worpswede. Esa luz tan especial, esa paisaxe cos páramos baixo os ceos anubrados... Todo iso impactoume profundamente. Tamén

coñecía algúns cadros de Paula. Canto estudas a transición do impresionismo ao expresionismo en Alemaña, non podes pasar por alto a Paula. Agora ben, non tiña nin idea de que a súa vida fora tan excepcional. Cando Ingelore König volveu contactarme ela non sabía que eu quixera estudar pintura na miña xuventude. Ao final, non cheguei a ser pintor. Por iso, cando me ofreceu facer un filme asumín de forma moi especial o meu papel de director, algo que non me sucedera antes.

Nos teus filmes que se centran na historia recente alemá as imaxes xogan un papel importante. Como abordaches *Paula* desde unha perspectiva visual?

Nos meus filmes de época tento evitar a historización. Non quero usar edificios protexidos nin roupa antiga. Tento retratar o período e a xente de maneira natural e achegarme a eles coa maior sinxeleza. Isto percíbese nas imaxes, mais tamén en como dirixo os actores. Paula e Otto son personaxes modernos e quería que iso se notase no filme.

En que reside a modernidade de *Paula* e *Otto*? Paula loitou por atopar o seu camiño como muller sen percibirse a si propia como unha ideóloga ou unha feminista. Non se limitou á roupa decorativa, quería ollar dentro da alma das persoas. Esta fascinada pola imperfección. Impresionoume o seu enorme temor de se converter nunha pintora mediocre, un medo que comparto como realizador. Ademais, *Paula* é unha epopea e unha apaixonada historia de amor.

Publicado en www.caramelfilms.es/
Tradución: Xan Gómez Víañas

NA LIBRARÍA NUMAX

Réquiem, Rainer Maria Rilke.
Hiperión, 2008

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

